

GAL

Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, para o ingreso no grupo III categoría 62 (administrativo/a oficial 1ª) de persoal laboral fixo da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA), entidade instrumental do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia

Acceso: libre

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique

Primeira parte: cuestionario teórico tipo test

1.- Segundo o artigo 3 da Constitución Española, as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas?:

- a) Si, en todo caso
- b) Non, en ningún caso
- c) Si, se así o determina unha Lei
- d) Si, de acordo cos seus Estatutos

2.- Segundo o artigo 8 da Constitución Española, as Forzas Armadas teñen como misión defender:

- a) A integridade territorial e o orde constitucional
- b) A soberanía de España
- c) A independencia de España
- d) Todas as respostas anteriores son correctas

3.- Segundo o artigo 9 da Constitución Española, esta garante (SINALE A RESPONSTA INCORRECTA):

- a) A xerarquía normativa
- b) A seguridade xurídica
- c) A publicidade das normas
- d) A retroactividade das disposicións sancionadoras non favorables

4.- Segundo o artigo 140 da Constitución Española, (MARQUE A RESPONSTA INCORRECTA):

- a) Os concellos gozarán de personalidade xurídica plena
- b) O goberno e administración dos municipios correspóndelles aos seus respectivos Concellos, integrados polos Alcaldes e os Concelleiros
- c) Os Alcaldes serán elixidos polos Concelleiros ou polos veciños. Un regulamento regulará as condicións nas que proceda o réxime de concello aberto
- d) Os concelleiros serán elixidos polos veciños do municipio mediante sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto, na forma que estableza a lei.

5.- Segundo o artigo 147 da Constitución Española, os Estatutos de Autonomía deben conter (MARQUE A RESPONSTA INCORRECTA):

- a) Organización das institucións autonómicas propias
- b) Sedes das institucións autonómicas propias
- c) As competencias asumidas dentro do marco establecido na Constitución e as bases para o traspaso dos servizos correspondentes ás mesmas

d) Funcionamento administrativo dos órganos da Administración autónoma

6.- Segundo o artigo 148 da Constitución Española, as comunidades autónomas poderán asumir competencias en materia de:

- a) Defensa e Forzas Armadas
- b) Nacionalidade, inmigración, emigración, estranxeiría e dereito de asilo
- c) Bases do réxime mineiro e enerxético
- d) Saúde e hixiene

7.- Segundo o artigo 149 da Constitución Española, sobre cal das seguintes materias NON ten competencia exclusiva o Estado:

- a) Ordenación do territorio, urbanismo e vivenda
- b) Defensa e Forzas Armadas
- c) Facenda Xeral e Débeda do Estado
- d) Réxime arancelario

8.- O artigo 149 da Constitución española establece que as materias non atribuídas por esta Constitución de maneira expresa ao Estado: (SINALE A RESPOSTA CORRECTA)

- a) Corresponderán en calquera caso ao devandito Estado
- b) Poderán corresponder ao Estado, se asume as competencias correspondentes en virtude dunha Lei
- c) Poderán corresponder ás Comunidades Autónomas, en virtude dos seus respectivos Estatutos
- d) Corresponderán en calquera caso ás comunidades autónomas que as reivindiquen.

9.- Segundo o artigo 152 da Constitución Española: (SINALE A RESPOSTA CORRECTA)

- a) O presidente da Comunidade Autónoma será elixido pola Asemblea Lexislativa da Comunidade Autónoma, sen que sexa requisito que sexa un dos seus membros.
- b) O presidente da Comunidade Autónoma será elixido polo Consello de Goberno
- c) A Asemblea Lexislativa da Comunidade Autónoma será elixida por sufraxio universal, de acordo cun sistema de representación proporcional que asegure, ademais, a representación das diversas zonas do territorio.
- d) A Asemblea Lexislativa da Comunidade Autónoma será elixida por sufraxio universal, libre e indirecto, de acordo cun sistema de representación proporcional que asegure, ademais, a representación das diversas zonas do territorio

10.- Segundo o artigo 154 da Constitución Española, quen dirixirá a Administración do Estado no territorio da Comunidade Autónoma e a coordinará, cando proceda, coa Administración propia da Comunidade:

- a) O Presidente da propia Comunidade Autónoma
- b) O Conselleiro de Gobernación da Comunidade Autónoma
- c) Un Delegado nomeado polo Goberno
- d) O Subdelegado do Goberno

11.- Segundo o artigo 155 da Constitución española, se unha comunidade autónoma non cumprira as obrigas que a Constitución ou outras leis lle impoñan, ou actuase de forma que atente gravemente ao interese xeral de España: (SINALE A RESPONSTA CORRECTA)

- a) O Congreso dos Deputados poderá requirir ao Presidente da Comunidade Autónoma para o cumprimento das súas obrigas
- b) O Tribunal Constitucional, en todo caso, obrigará a aquela ao cumprimento forzoso das súas obrigas
- c) O Goberno, previo requirimento ao presidente da Comunidade Autónoma e, no caso de non ser atendido, coa aprobación da maioría absoluta do Senado, poderá adoptar as medidas necesarias para obrigar a aquela ao cumprimento forzoso das devanditas obrigas ou para a protección do mencionado interese xeral
- d) As respostas a) e c) son certas

12. Segundo o artigo 1 da Constitución Española, España constitúese como un Estado social e democrático de Dereito, que propugna como valores superiores do ordenamento político:

- a) A solidariedade, a liberdade e a igualdade
- b) A soberanía, a liberdade e a xustiza
- c) A liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político
- d) Ningunha das anteriores é correcta

13.- Que prohibición contén o artigo 145 da Constitución española respecto das comunidades autónomas?:

- a) Que as comunidades autónomas poidan celebrar acordos con outras entidades territoriais
- b) Que en ningún caso se admitirá a federación de Comunidades Autónomas
- c) Que as comunidades autónomas poidan celebrar acordos de cooperación
- d) Que as comunidades autónomas poidan celebrar entre elas convenios para a xestión e prestación de servizos propios das mesmas.

14.- Segundo o artigo 54 da Constitución Española, o Defensor do Pobo é designado:

- a) Polo pobo
- b) Polas Cortes Xerais
- c) Polo Rei
- d) Polo Goberno

15.- De acordo co artigo 11 da Lei Orgánica, 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia:

- a) O Parlamento de Galicia non é inviolable.
- b) A circunscrición electoral, será, en todo caso, a provincia.
- c) O Parlamento de Galicia non fixará o seu propio orzamento.
- d) Os Deputados estarán suxeitos a mandato imperativo.

16.- De acordo co artigo 12 da Lei Orgánica, 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia:

- a) O Parlamento funcionará en Pleno e en Comisións e reunirase en Sesións ordinarias e extraordinarias.
- b) O Regulamento será aprobado por maioría simple.
- c) O Parlamento funcionará en Pleno e en Comisións e en Sesións ordinarias e extraordinarias.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

17.- De acordo co artigo 15 da Lei Orgánica, 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, o Presidente do Parlamento:

- a) Ostenta a representación da Comunidade Autónoma.
- b) Proporá un candidato a Presidente da Xunta, logo de consultas coas forzas políticas representadas parlamentariamente e oída a Mesa.
- c) Proporá un candidato a Presidente da Xunta, logo de consultas cos axentes sociais.
- d) Terá un mandato de 5 anos.

18- De acordo co artigo 16 da Lei Orgánica, 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia:

- a) A Xunta é o órgano colexiado de Goberno de Galicia.
- b) Os Vicepresidentes e Conselleiros serán nomeados e cesados polo Presidente.
- c) Unha Lei de Galicia regulará a organización da Xunta e as atribucións e o Estatuto persoal dos seus compoñentes.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

19.- De acordo co artigo 19 da Lei Orgánica, 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, a Xunta de Galicia poderá interpor recurso de inconstitucionalidade:

- a) En ningún caso.
- b) Si, pero non poderá personarse ante o Tribunal Constitucional.
- c) Os recursos de inconstitucionalidade unicamente pode interpoñelos o Presidente de la Xunta.
- d) Si, e presentarse ante o Tribunal Constitucional nos supostos e termos previstos na Constitución e na Lei Orgánica do Tribunal Constitucional.

20.- De acordo co artigo 25 da Lei Orgánica, 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, na resolución dos concursos e oposicións para proveer os postos de Maxistrados será mérito preferente:

- a) A antigüidade no posto na Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) A especialización no dereito galego .
- c) O coñecemento do idioma do país.
- d) As opcións b e c son correctas

21.- De acordo co artigo 27 da Lei Orgánica, 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en:

- a) Propiedade industrial e intelectual.
- b) Portos pesqueiros.
- c) Vertidos industriais.
- d) Estatística para os fins da Comunidade Autónoma galega.

22.- De acordo coa Lei Orgánica, 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, NON é unha competencia exclusiva da Comunidade Autónoma galega:

- a) A promoción e o ensino da lingua galega.
- b) Organización das súas institucións de autogoberno.
- c) Asistencia social.
- d) Establecementos farmacéuticos.

23.- De acordo co artigo 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

- a) Os interesados que non estean obrigados a recibir notificacións electrónicas non poderán solicitar que as notificacións sucesivas se practiquen por medios electrónicos.
- b) Todos os interesados nun procedemento administrativo están obrigados a recibir notificacións electrónicas.

c) Os interesados que non estean obrigados a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento á Administración pública, mediante os modelos normalizados que se establezan para o efecto, que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

d) Os interesados que non estean obrigados a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento anterior ao trámite de audiencia á Administración pública, mediante os modelos normalizados que se establezan para o efecto, que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

24.- De acordo co artigo 42 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

a) Cando a notificación se practique no domicilio do interesado, de non estar presente este no momento de entregarse a notificación, poderá facerse cargo dela calquera persoa maior de catorce anos que se encontre no domicilio e faga constar a súa identidade.

b) Cando a notificación se practique no domicilio do interesado, de non estar presente este no momento de entregarse a notificación, farase constar a imposibilidade da notificación no expediente.

c) Cando a notificación se practique no domicilio do interesado, de non estar presente este no momento de entregarse a notificación, poderá facerse cargo dela unicamente unha persoa maior de idade que se encontre no domicilio e faga constar a súa identidade.

d) Cando a notificación se practique no domicilio do interesado, de non estar presente este no momento de entregarse a notificación, entenderase que a notificación foi rexeitada.

25.- De acordo co artigo 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

a) As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido.

b) As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se realice o envío a través da sede electrónica.

c) As notificacións por medios electrónicos entenderanse rexeitadas cando transcorresen 30 días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

d) Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter voluntario, o interesado non poderá elixir este medio de notificación.

26.- De acordo co artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a notificación farase por medio dun anuncio publicado no «Boletín Oficial del Estado»:

a) Cando se ignore o lugar da notificación.

b) Cando os interesados nun procedemento sexan descoñecidos.

c) Cando intentada a notificación non se puidese practicar.

d) Todas as respostas son correctas.

27.- De acordo coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, é un dereito do interesado no procedemento administrativo (sinale a resposta incorrecta):

- a) A non presentar documentos orixinais salvo que, de maneira excepcional, a normativa reguladora aplicable estableza o contrario. En caso de que, excepcionalmente, deban presentar un documento orixinal, terán dereito a obter unha copia autenticada deste.
- b) A non presentar datos e documentos non exixidos polas normas aplicables ao procedemento de que se trate que xa se encontren en poder das administracións públicas ou que fosen elaborados por estas.
- c) A obter información e orientación acerca dos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes impoñan aos proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar.
- d) A non cumprir as obrigas de pagamento mentres non se resolva o procedemento administrativo.

28.- De acordo co artigo 112 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderanse interpor recursos administrativos:

- a) Contra as disposicións administrativas de carácter xeral.
- b) Contra as leis, en supostos ou ámbitos territoriais determinados.
- c) Contra as resolucións e os actos de trámite en todo caso.
- d) Contra as resolucións administrativas.

29.- De acordo co artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o prazo para a interposición do recurso de alzada é:

- a) De dous meses, si o acto fora expreso.
- b) Dun mes, si o acto fora expreso.
- c) De 30 días, si o acto fora expreso.
- d) De tres meses, si o acto fora expreso.

30.- De acordo co artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso potestativo de resolución é de:

- a) Tres meses.
- b) Trinta días hábiles.
- c) Un mes.
- d) Quince días naturais.

31.- De acordo co artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os actos administrativos serán obxecto de publicación:

- a) Cando se trate de actos integrantes dun procedemento selectivo ou de concorrencia competitiva de calquera tipo.
- b) Cando se trate de actos que finalicen o procedemento.
- c) Cando o acto non fora expreso.
- d) Cando na resolución do acto se tiveron en conta informes doutros órganos administrativos.

32.- De acordo co artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poñen fin á vía administrativa:

- a) As resolucións dos órganos administrativos con superior xerárquico.
- b) Os acordos, pactos e convenios en todo caso.
- c) As resolucións dos recursos de alzada.
- d) Os actos de trámite.

33.- De acordo co artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderase interpor o recurso extraordinario de revisión:

- a) Cando aparezan documentos de valor esencial para a resolución do asunto que, aínda que sexan posteriores, evidencien o erro da resolución impugnada.
- b) Cando na resolución influísen esencialmente documentos ou testemuños declarados falsos por sentenza xudicial firme, anterior ou posterior a aquela resolución.
- c) Cando a resolución se ditase como consecuencia de prevaricación, suborno, violencia, maquinación fraudulenta ou outra conduta punible e se declarase así en virtude de sentenza xudicial firme.
- d) Todas as respostas son correctas.

34.- De acordo co artigo 20 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, os empregados públicos clasifícanse en:

- a) Persoal funcionario de carreira.
- b) Persoal funcionario interino.
- c) Persoal laboral.
- d) Todas las respuestas son correctas.

35.- De acordo co artigo 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, para que se poida proceder ao nomeamento de persoal funcionario interino ten que concorrer:

- a) A existencia de postos vacantes, aínda no suposto de que este se poida cubrir con persoal funcionario de carreira.
- b) O exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de tres anos prorrogable por un período de 12 meses.
- c) A execución de programas de carácter temporal e de duración determinada que non respondan a necesidades permanentes da Administración.
- d) A substitución das persoas titulares dos postos no caso de redución de xornada, sempre e cando esta redución supere o 50%.

36.- De acordo co artigo 24 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o primeiro nomeamento como persoal funcionario interino nun determinado corpo, escala ou especialidade estará suxeito a un período de proba:

- a) De 6 meses de duración para os corpos, escalas ou especialidades do grupo A.
- b) De 3 meses de duración para los corpos, escalas ou especialidades do grupo B.
- c) De 2 meses de duración para los corpos, escalas ou especialidades do grupo C.
- d) De 1 mes de duración para a agrupación profesional de persoal funcionario.

37.- De acordo co artigo 27 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, os períodos de proba do persoal laboral:

- a) Son os establecidos no convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.
- b) Son os establecidos no Título III da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- c) Non será aplicable para as persoas nomeadas como persoal laboral temporal que acrediten discapacidade intelectual.
- d) As respostas a) e c) son correctas.

38.- De acordo co artigo 29 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, ten a condición de persoal eventual:

- a) Os altos cargos.
- b) Os que só realizan funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial.
- c) Os directores xerais.
- d) Os secretarios xerais técnicos.

39.- De acordo co artigo 26 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, poden ser desempeñados por persoal laboral:

- a) Os postos de traballo que estean reservados a persoal funcionario en virtude do previsto na alínea segunda do artigo 22 desta lei.

- b) Os postos cuxas actividades sexan propias de oficios.
- c) Os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen a realización de tarefas de contabilidade e tesourería.
- d) Os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen a realización de tarefas en materia de exacción de tributos.

40.- De acordo co artigo 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o nomeamento por exceso ou acumulación de tarefas:

- a) Ten un carácter excepcional e circunstancial, por un prazo máximo de 9 meses dentro dun período de 18 meses.
- b) Ten un carácter excepcional e circunstancial, por un prazo máximo de 12 meses dentro dun período de 24 meses.
- c) Ten un carácter excepcional e circunstancial, por un prazo máximo de 12 meses dentro dun período de 18 meses.
- d) Ten un carácter excepcional e circunstancial, por un prazo máximo de 6 meses dentro dun período de 18 meses.

41.- De acordo co artigo 24 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o cesamento do persoal funcionario interino producirase:

- a) Polo transcurso dun prazo de cinco anos dende o seu nomeamento.
- b) Pola resolución dun concurso de traslados aínda que non se adxudicara o posto.
- c) Por decisión do superior xerárquico.
- d) Pola cobertura regrada do posto por persoal funcionario de carreira a través de calquera dos procedementos legalmente establecidos.

42.- De acordo co artigo 88 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, os postos de traballo reservados ao persoal funcionario de carreira proveranse:

- a) De forma extraordinaria polo procedemento de libre designación.
- b) De forma ordinaria polo procedemento de concurso.
- c) De forma extraordinaria mediante concurso específico.
- d) As respostas a) e b) son correctas.

43.- De acordo co artigo 89 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, as convocatorias para prover postos de traballo por concurso deben incluír, en todo caso:

- a) O prazo máximo de resolución.
- b) A composición da comisión de valoración.
- c) Os requisitos necesarios para participar na convocatoria.

d) O número máximo de postos que se poderán solicitar.

44.- De acordo co artigo 90 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto de traballo obtido por concurso:

a) Debe permanecer nel un mínimo de seis meses para poder participar nos concursos ordinarios regulados neste artigo.

b) Debe permanecer nel un mínimo dun ano para poder participar nos concursos ordinarios regulados neste artigo.

c) Debe permanecer nel un mínimo de dous anos para poder participar nos concursos ordinarios regulados neste artigo.

d) Non se establece un requisito mínimo de permanencia para poder participar en concursos ordinarios.

45.- De acordo co artigo 91 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o concurso específico:

a) É un sistema de provisión a través de libre designación.

b) É un sistema de provisión no que non se require antigüidade mínima para poder participar.

c) É un sistema de provisión para aqueles postos de traballo para os que, polas súas peculiaridades, así se determine na relación de postos de traballo.

d) É un sistema de provisión no que en todo caso a convocatoria deberá establecer unha puntuación mínima para a adxudicación dos postos.

46.- De acordo co artigo 92 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a libre designación con convocatoria pública:

a) É o procedemento específico de provisión para postos sometidos a dispoñibilidade horaria.

b) É o procedemento específico de provisión para a adxudicación de xefaturas de servizo.

c) É o procedemento extraordinario para a provisión das vicesecretarías xerais, as subdireccións xerais ou equivalentes.

d) Consiste na apreciación discrecional polo órgano competente da idoneidade dos candidatos en relación cos requisitos exixidos para o desempeño do posto.

47.- De acordo co artigo 94 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, NON é causa de remoción dos postos de traballo provistos por concurso:

a) Avaliación negativa do desempeño do posto.

b) Cumprimento inadecuado das funcións atribuídas ao posto ou rendemento insuficiente que impida realizar con eficacia as devanditas funcións.

c) Valoración do desempeño do posto provisto por concurso específico, de acordo co previsto na alínea sétima do artigo 91.

d) A apertura dun expediente disciplinario por unha infracción catalogada como moi grave.

48.- De acordo co artigo 96 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, considérase un procedemento excepcional de provisión de postos:

a) A cobertura a través do sistema de libre designación.

b) A comisión de servizos voluntaria.

c) A cobertura das xefaturas de servizo.

d) O nomeamento de persoal funcionario interino.

49.- De acordo co artigo 97 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, quen sexa removido dun posto provisto por concurso, mentres non obteña outro posto con carácter definitivo polos procedementos ordinarios de provisión:

a) Durante un prazo máximo de tres meses, percibirá as retribucións complementarias correspondentes ao posto que ocupase con carácter definitivo.

b) Percibirá as retribucións complementarias correspondentes ao seu grao persoal consolidado.

c) Percibirá as retribucións complementarias correspondentes inferiores en dous niveis ao seu grao persoal consolidado.

d) Ningunha repostada é correcta.

50.- De acordo co artigo 98 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a adscrición por motivos de saúde ou rehabilitación require:

a) Que o complemento retributivo do posto de destino sexa inferior ao do posto de orixe.

b) Que o solicitante reúna os requisitos para o desempeño do posto.

c) Existencia de postos vacantes con asignación orzamentaria.

d) As respostas b) e c) son correctas.

51.- De acordo co artigo 99 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, deberá permanecer no posto obtido por permuta:

a) Un mínimo de cinco anos para poder participar nos concursos de provisión de postos de traballo.

b) Un mínimo de dous anos para poder participar nos concursos de provisión de postos de traballo.

c) Un mínimo de tres anos para poder participar nos concursos de provisión de postos de traballo.

d) Un mínimo de seis meses para poder participar nos concursos de provisión de postos de traballo.

52.- De acordo co artigo 102 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o posto de traballo asignado por motivos de violencia de xénero ou de violencia sexual:

- a) Terá carácter provisional, en todo caso.
- b) Terá carácter definitivo, en todo caso.
- c) Terá carácter definitivo, se o posto está vacante.
- d) Terá carácter definitivo, sempre que a interesada estea conforme.

53.- De acordo co artigo 104 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario de carreira que, mediante transferencia ou por concurso, pase a ocupar con carácter definitivo postos de traballo na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico:

- a) Integrarase plenamente na organización da función pública autonómica.
- b) Integrarase na organización da función pública autonómica ata o cesamento no seu posto de traballo.
- c) Non se integrará na organización da función pública autonómica.
- d) Integrarase plenamente na organización da función pública autonómica, sempre que manifeste a súa conformidade.

54.- De acordo co artigo 106 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario ten dereito á flexibilidade horaria da súa xornada de traballo por motivos de conciliación familiar:

- a) Cando teñan familiares discapacitados ao seu cargo ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.
- b) Cando teñan fillos ou fillas ou persoas acollidas menores de idade ou fillos ou fillas maiores de idade incapacitados xudicialmente ao seu cargo.
- c) Cando sexan vítimas de violencia de xénero ou de violencia sexual as empregadas públicas.
- d) As respostas b) e c) son correctas.

55.- De acordo co artigo 129 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o período máximo durante o cal se percibirán exclusivamente as retribucións básicas nas licenzas para a realización de estudos sobre materias directamente relacionadas coa Administración pública, será:

- a) De seis meses.
- b) O que regulamentariamente se determine.
- c) Dun ano.
- d) De seis meses prorrogables por outros seis.

56.- De acordo co artigo 125 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, os permisos que o persoal funcionario ten recoñecidos, con carácter xeral:

- a) Non se computarán como servizo efectivo.
- b) A plenitude dos seus dereitos económicos dependerá da regulación do permiso.
- c) O período de duración destes permisos computarase como servizo efectivo para todos os efectos.
- d) Ningunha é correcta.

57.- De acordo co artigo 123 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nos casos de adopción ou acollemento internacional, o persoal funcionario ten dereito:

- a) A un permiso de ata tres meses de duración por desprazamento previo ao país de orixe do menor, en todo caso.
- b) A un permiso de seis meses de duración.
- c) Se for necesario o desprazamento previo ao país de orixe do menor, a un permiso de ata tres meses de duración.
- d) Ao aboamento dos gastos de viaxe por desprazamento previo ao país de orixe do menor.

58.- De acordo co artigo 121 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o permiso por parto:

- a) É un permiso retribuído de 20 semanas, das cales as seis semanas inmediatas posteriores ao parto serán en todo caso de descanso obrigatorio e ininterrompidas.
- b) É un permiso retribuído de 22 semanas, das cales as seis semanas inmediatas posteriores ao parto serán en todo caso de descanso obrigatorio e ininterrompidas.
- c) É un permiso retribuído de 22 semanas, das cales as catro semanas inmediatas posteriores ao parto serán en todo caso de descanso obrigatorio e ininterrompidas.
- d) É un permiso retribuído de 20 semanas, das cales as catro semanas inmediatas posteriores ao parto serán en todo caso de descanso obrigatorio e ininterrompidas.

59.- De acordo co artigo 132 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, terá dereito a solicitar o aboamento dunha compensación económica polas vacacións devindicadas e non gozadas:

- a) Nos casos de conclusión da relación de servizos do persoal funcionario por causas alleas á vontade deste
- b) Unicamente nos casos de xubilación por incapacidade e de falecemento.
- c) O período de vacacións anuais retribuídas do persoal funcionario non pode ser substituído por unha contía económica en ningún caso.
- d) Nos casos de renuncia voluntaria.

60.- De acordo co artigo 108 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o permiso por falecemento:

- a) Poderá ter unha duración de tres días hábiles, se o falecemento é dun familiar dentro do segundo grao de consanguinidade e afinidade.
- b) Poderá ter unha duración de tres días hábiles, se o falecemento é dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade e afinidade.
- c) Poderá ter unha duración de tres días naturais, se o falecemento é dun familiar dentro do segundo grao de consanguinidade e afinidade.
- d) Poderá ter unha duración de tres días naturais, se o falecemento é dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade e afinidade.

61.- De acordo co artigo 114 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, os permisos para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto:

- a) Só poderán ser desfrutados polas funcionarias embarazadas.
- b) A duración deste permiso será de dous días hábiles, cando supoña a necesidade de desprazamento.
- c) As funcionarias embarazadas e o cónxuxe ou parella de feito funcionario teñen dereito a desfrutar deste permiso.
- d) Trátase dun permiso de carácter non retribuído.

62.- De acordo co artigo 165 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, as situacións do persoal laboral:

- a) Réxense pola Lei 2/2015, de 29 de abril, en todo caso
- b) Réxense polo Estatuto dos traballadores e polos convenios colectivos que lle sexan aplicables.
- c) Réxense polo Estatuto dos traballadores, unicamente.
- d) Réxense polo V Convenio Colectivo Único del persoal laboral da Xunta de Galicia, unicamente.

63.- De acordo co artigo 167 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, NON é unha situación que dea lugar á declaración de servizos especiais:

- a) Cando desempeñe cargos electivos non retribuídos nas asembleas das cidades de Ceuta e Melilla e nas entidades locais.
- b) Cando sexa autorizado para realizar unha misión por un período determinado superior a seis meses en organismos internacionais, gobernos ou entidades públicas estranxeiras ou en programas de cooperación internacional.
- c) Cando sexa designado para formar parte do Consello Xeral do Poder Xudicial ou dos consellos de xustiza das comunidades autónomas.
- d) Cando adquira a condición de persoal funcionario ao servizo de organizacións internacionais.

64.- De acordo co artigo 169 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, as persoas que cesen na situación de servizos especiais teñen dereito a reingresar ao servizo activo:

- a) A un posto do mesmo nivel e localidade ao que ocupasen con anterioridade con carácter definitivo, se este se tivese obtido mediante concurso.
- b) A un posto do mesmo nivel e localidade e similar complemento específico ao que ocupasen con anterioridade con carácter definitivo.
- c) Ao mesmo posto de traballo que ocupasen con anterioridade polo procedemento de libre designación.
- d) Ao mesmo posto de traballo que ocupasen con anterioridade con carácter definitivo, de terse obtido este mediante concurso.

65.- De acordo co artigo 173 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a excedencia por interese particular:

- a) Pódese obter a excedencia por interese particular cando teña prestados servizos efectivos en calquera das administracións públicas durante un período mínimo dun ano inmediatamente anteriores á solicitude.
- b) Pódese obter a excedencia por interese particular cando teña prestados servizos efectivos en calquera das administracións públicas durante un período mínimo de catro anos inmediatamente anteriores á solicitude.
- c) Pódese obter a excedencia por interese particular cando teña prestados servizos efectivos en calquera das administracións públicas durante un período mínimo de tres anos inmediatamente anteriores á solicitude.
- d) Pódese obter a excedencia por interese particular cando teña prestados servizos efectivos en calquera das administracións públicas durante un período mínimo de dous anos inmediatamente anteriores á solicitude.

66. De conformidade co artigo 6 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, NON é requisito o consentimento da persoa afectada no tratamento dos datos de carácter persoal?

- a) Que sexa libre
- b) Que se manifeste ante unha autoridade pública competente
- c) Que sexa específico
- d) Que sexa inequívoco

67. De conformidade co artigo 7 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o tratamento dos datos persoais dun menor de idade só poderá basearse no seu consentimento cando sexa maior de:

- a) 12 anos
- b) 14 anos
- c) 13 anos
- d) 16 anos

68.- De conformidade co disposto no artigo 9 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, aos efectos do artigo 9.2 a) do Regulamento (UE) 2016/679, a fin de evitar situacións discriminatorias: (SINALE A RESPOSTA CORRECTA)

- a) O só consentimento do afectado non bastará para levantar a prohibición do tratamento de datos cuxa finalidade principal sexa identificar a súa ideoloxía
- b) O só consentimento do afectado bastará para levantar a prohibición do tratamento de datos relativos ás súas crenzas ou orixe racial ou étnico
- c) O só consentimento do afectado non bastará para levantar a prohibición do tratamento de datos persoais relativos a condenas e infraccións penais ou administrativas
- d) O só consentimento do afectado bastará para levantar a prohibición do tratamento de datos cuxa finalidade sexa identificar a súa relixión ou orientación sexual.

69.- De conformidade co Título III da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, cal dos seguintes NON é un dereito contemplado no devandito título III, en materia de protección de datos persoais?

- a) Dereito de acceso
- b) Dereito de oposición
- c) Dereito á portabilidade
- d) Dereito de suspensión

70.- De conformidade co artigo 12.4 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre quen recae a proba do cumprimento do deber de dar resposta á solicitude de exercicio dos seus dereitos, recoñecido nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679, formulada polo afectado?

- a) Sobre o responsable do tratamento
- b) Sobre o responsable ou encargado do tratamento segundo o establecido no contrato ou acto xurídico que os vincule
- c) Sobre o encargado do tratamento
- d) Sobre o delegado de protección de datos designado polo responsable e encargado do tratamento

71.- Segundo o artigo 63 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, quen regulará os procedementos

tramitados pola Axencia Española de Protección de Datos ao abeiro do título VIII da citada Lei orgánica, garantindo, en todo caso, os dereitos de defensa e audiencia dos interesados ?

- a) O Goberno a través dun Regulamento
- b) O Ministro competente na materia por Orde Ministerial
- c) O Estado a través dunha Lei
- d) O Goberno por Real Decreto

72. Segundo o artigo 64.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o prazo para resolver o procedemento que se refira exclusivamente á falta de atención dunha solicitude de exercicio dos dereitos establecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 será de:

- a) Seis meses, a contar desde a data en que fose notificado ao reclamante o acordo de admisión a trámite
- b) Tres meses, a contar desde a data en que fose notificado ao reclamante o acordo de admisión a trámite
- c) Nove meses, a contar desde a data en que fose notificado ao reclamante o acordo de admisión a trámite
- d) Doce meses, a contar desde a data en que fose notificado ao reclamante o acordo de admisión a trámite

73.- De conformidade co artigo 65 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, INADMITIRANSE a trámite as reclamacións sobre protección de datos persoais cando:

- a) Non versen sobre cuestións de protección de datos persoais
- b) Sexan abusivas
- c) Carezan manifestamente de fundamento
- d) Todas as anteriores son correctas

74.- De conformidade co artigo 8 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, en relación co informe sobre o impacto de xénero na elaboración dos regulamentos con repercusión en cuestións de xénero elaborados pola Xunta de Galicia: (SINALE A RESPONSA INCORRECTA):

- a) Será un informe vinculante
- b) Será elaborado polo órgano competente en materia de igualdade
- c) Será un informe preceptivo
- d) Será esixible antes da aprobación do regulamento

75.- De conformidade co artigo 11 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: (SINALE A RESPOSTA CORRECTA)

- a) O uso non sexista da linguaxe consiste na utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras, correctas ou non, que invisibilizan o feminino ou o sitúan nun plano secundario respecto do masculino
- b) O uso non sexista da linguaxe consiste no emprego de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras, correctas ou non, que visibilizan o feminino ou o sitúan nun plano principal respecto ao masculino
- c) O uso non sexista da linguaxe consiste na utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras, correctas ou non, que visibilizan o feminino ou o sitúan nun plano secundario respecto do masculino
- d) O uso non sexista da linguaxe consiste na utilización de expresións lingüisticamente incorrectas substitutivas doutras, correctas ou non, que invisibilizan o feminino ou o sitúan nun plano secundario respecto do masculino.

76.- De conformidade cos artigos 14 e 15 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, sobre Igualdade de oportunidades e medios de comunicación: (SINALE A RESPOSTA CORRECTA)

- a) A Xunta de Galicia garantirá, a través daqueles medios de comunicación nos que participe ou subvencione, condicionando a efectividade da subvención, e promoverá, a través dos medios de comunicación de titularidade autonómica, a emisión de programas tendentes a erradicar todas as formas de violencia de xénero, e realizará, de xeito periódico, campañas institucionais de sensibilización contra a violencia de xénero
- b) A Xunta de Galicia garantirá o acceso de mulleres e homes ás novas tecnoloxías en condicións de igualdade de oportunidades, e a transmisión, a través dos contidos destas novas tecnoloxías, dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das funcións das mulleres e dos homes na sociedade
- c) A Xunta de Galicia garantirá, a través dos medios de comunicación de titularidade autonómica, e promoverá, a través daqueles nos que participe ou subvencione, condicionando a efectividade da subvención, a emisión de programas tendentes a erradicar todas as formas de violencia de xénero, e realizará, de forma periódica, campañas institucionais de sensibilización contra a violencia de xénero.
- d) A Xunta de Galicia restrinxirá o acceso de mulleres e homes ás novas tecnoloxías en condicións de igualdade de oportunidades, e a transmisión, a través do contido destas novas tecnoloxías, dunha imaxe igualitaria, plural e estereotipada das funcións das mulleres e dos homes na sociedade

77.- De conformidade co artigo 17 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: (SINALE A RESPOSTA CORRECTA)

- a) Os centros docentes incluírán nos programas de formación do profesorado, como materia específica, a igualdade pero non mencionarán a violencia de xénero

- b) A Xunta de Galicia incluíra nos programas de formación do profesorado, como materia xeral, a igualdade e a violencia de xénero
- c) A Xunta de Galicia incluíra nos programas de formación do profesorado, como materia específica, a igualdade e a violencia de xénero
- d) A Xunta de Galicia non incluíra nos programas de formación do profesorado, como materia específica, a igualdade e a violencia de xénero.

78.- De conformidade co artigo 18 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, en relación coa erradicación de prexuízos nos centros docentes, onde se deberán explicitar as medidas de corrección ou sanción de comportamentos sexistas?:

- a) Nunha Orde da Consellería competente en materia de Educación
- b) Nunha Orde da consellería competente en materia de Igualdade
- c) Nun Decreto da Xunta de Galicia
- d) Nos regulamentos internos dos centros educativos

79.- De conformidade co artigo 21 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, quen expedirá, polo menos no ámbito da educación non formal, acreditacións en materia de axentes e promotores/as de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes?

- a) A Consellería competente en materia de política social
- b) A Xunta de Galicia, no seu ámbito de competencias
- c) O Estado, no seu ámbito de competencias
- d) O órgano autónomo competente en materia de certificación

80.- De conformidade co artigo 25 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: (SINALE A RESPOSTA INCORRECTA)

- a) En calquera das actividades formativas de formación profesional, ocupacional, continua ou de inserción laboral activa terán que convocarse exclusivamente mulleres ou prever na convocatoria unha maioría de mulleres
- b) En calquera das actividades formativas de formación profesional, ocupacional, continua ou de inserción laboral activa poderán convocarse exclusivamente mulleres ou prever na convocatoria unha maioría de mulleres
- c) En todo caso, a totalidade das actividades formativas deberán incluír unha porcentaxe de mulleres equivalente á de mulleres desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego do ámbito sectorial da correspondente actuación
- b) En calquera das actividades formativas destinadas ao auto emprego, creación de empresas, cooperativas ou mellora empresarial poderán convocarse exclusivamente mulleres ou prever na convocatoria unha maioría de mulleres.

81.- De conformidade co artigo 27 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, no caso dos centros privados acreditados para a formación, coa finalidade de adaptarse ás mesmas condicións que no caso dos centros públicos, a consellería competente en materia de traballo apoiará economicamente, nos termos que regulamentariamente se establezan, aqueles centros que promovesen a posta en marcha das condicións materiais e persoais necesarias para facilitar ao alumnado os coidados de: (SINALE A RESPONSTA CORRECTA)

- a) Os e as menores de tres anos ao seu cargo e as persoas dependentes ao seu cargo
- b) Os e as menores convivintes de seis anos e persoas dependentes ao seu cargo
- c) Os e as menores de tres anos unicamente
- d) Os e as menores de cinco anos ao seu cargo e persoas dependentes

82.- De conformidade co artigo 30 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: (SINALE A RESPONSTA INCORRECTA)

- a) A Comisión Interdepartamental de Igualdade de Galicia elaborará un documento único que se denominará Plan galego de emprego feminino
- b) A Consellería competente en materia de traballo coordinará o Plan galego de emprego feminino co Plan de Emprego do Reino de España
- c) O Plan galego de emprego feminino considerará especialmente a participación das mulleres rurais e do sector marítimo-pesqueiro no desenvolvemento sustentable
- d) O Plan galego de emprego feminino contemplará medidas de formación e orientación profesional, fomento do emprego con vistas á mellora da empregabilidade e o auto emprego.

83.- De conformidade co artigo 39 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, cal destas NON é función da Unidade Administrativa de Igualdade, como órgano encargado de integrar a dimensión de xénero no ámbito da Consellería competente en materia de traballo?:

- a) Impulsar e establecer medidas para a participación equilibrada de mulleres e homes nos postos de traballo dos organismos dependentes da consellería competente en materia de traballo
- b) Favorecer o uso non sexista da linguaxe, tanto escrita como visual ou verbal, na documentación interna e externa da consellería competente en materia de traballo
- c) Revisar as actuacións da consellería competente en materia de traballo para valorar o seu impacto de xénero e, de ser o caso, introducir as propostas oportunas
- d) A colaboración coa Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva, no desenvolvemento de todas as súas competencias.

84.- De conformidade co artigo 40 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a Xunta de Galicia: (SINALE A RESPOSTA CORRECTA)

- a) Adoptará dentro das súas competencias as medidas conducentes a favorecer, en condicións de igualdade entre mulleres e homes, a inserción social das mulleres en situación de exclusión social, especialmente en zonas urbanas
- b) Adoptará dentro das súas competencias as medidas conducentes a favorecer, en condicións de igualdade entre mulleres e homes, a inserción social das mulleres en situación de exclusión social, especialmente cando estean a cargo de familias monoparentais
- c) Adoptará dentro das súas competencias as medidas conducentes a favorecer, en condicións de igualdade entre mulleres e homes, a inserción social das mulleres en situación de exclusión social, especialmente no medio rural
- d) Adoptará dentro das súas competencias as medidas conducentes a favorecer, en condicións de igualdade entre mulleres e homes, a inserción social das mulleres en situación de exclusión social ou de exclusión severa.

85.- De conformidade co artigo 42 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, cal dos seguintes dereitos NON está garantido, para asegurar a participación das mulleres nos beneficios dun desenvolvemento rural sustentable?

- a) O fomento público e privado do cooperativismo e doutros sistemas de auto axuda agraria coa finalidade de promover a igualdade de acceso das mulleres aos beneficios do desenvolvemento rural
- b) A educación e a formación profesional, coa finalidade de aumentar as súas capacidades técnicas no exercicio das súas actividades
- c) A participación na elaboración, na decisión e na execución dos plans e das políticas de desenvolvemento rural a través das canles legais establecidas
- d) A Información de calquera das medidas públicas adoptadas de desenvolvemento rural con incidencia nos dereitos e deberes das mulleres.

86.- De conformidade co artigo 45 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a Xunta de Galicia promocionará a creación e mantemento de plans municipais de igualdade: (SINALE A RESPOSTA)

- a) A través dunha convocatoria anual de axudas convocada pola Federación Galega de Municipios e Provincias.
- b) A través dunha convocatoria anual de axudas adoptadas logo de oír o Consello Galego das Mulleres

- c) A través dunha convocatoria anual de axudas adoptadas logo de oír a Comisión Interdepartamental de Igualdade
- d) A través dunha convocatoria anual de axudas adoptadas logo de oír a Federación Galega de Municipios e Provincias

87.- De conformidade co artigo 4 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero: (SINALE A RESPONSTA INCORRECTA)

- a) As ensinanzas para persoas adultas incluírán entre os seus obxectivos o de desenvolver actividades na resolución pacífica de conflitos e fomentar o respecto á dignidade das persoas e á igualdade entre homes e mulleres.
- b) O Bacharelato e a Formación Profesional contribuirán a desenvolver no alumnado a capacidade de consolidar a súa madurez persoal, social e moral, que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e para analizar e valorar criticamente as desigualdades de sexo e fomentar a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres
- c) A Educación Primaria contribuirá a desenvolver no alumnado a súa capacidade para adquirir habilidades na resolución pacífica de conflitos e para comprender e respectar a igualdade entre sexos
- d) A Educación infantil contribuirá a desenvolver no alumnado a capacidade para relacionarse cos demais de forma pacífica e para coñecer, valorar e respectar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

88.- De conformidade co artigo 12 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, quen estará lexitimado para exercer ante os Tribunais a acción de cesación de publicidade ilícita por empregar en forma vexatoria a imaxe da muller, nos termos da Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade?:

- a) O Consello de Goberno contra a Violencia sobre a Muller, o Instituto da Muller ou órgano equivalente de cada Comunidade Autónoma, o Ministerio Fiscal e as Asociacións que teñan como obxectivo único a defensa dos intereses da muller
- b) A Delegación Especial do Goberno contra a Violencia sobre a Muller, a Fiscalía da Muller ou órgano equivalente de cada Concello e as Asociacións que teñan entre outros obxectivos a defensa dos intereses da muller
- c) A Delegación Especial do Goberno contra a Violencia sobre a Muller, o Instituto da Muller ou órgano equivalente de cada Comunidade Autónoma, o Ministerio Fiscal e as Asociacións que teñan como obxectivo único a defensa dos intereses da muller.
- d) Unicamente as Asociacións que teñan, entre outros obxectivos, a defensa dos intereses das mulleres.

89.- De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, a difusión de informacións relativas á violencia sobre a muller garantirá, coa correspondente obxectividade informativa, a defensa dos dereitos humanos, a liberdade e dignidade

das mulleres vítimas da violencia e dos seus fillos. En particular, terase especial coidado no tratamento: (SINALE A RESPOSTA CORRECTA)

- a) Verbal das informacións
- b) Gráfico das informacións
- c) Textual das informacións
- d) Xeral das informacións

90.- De conformidade co artigo 16 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, en relación coa Comisión contra a Violencia de Xénero do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde: (SINALE A RESPOSTA CORRECTA)

- a) A Comisión emitirá un informe semestral que será remitido ás Delegacións Especiais do Goberno contra a Violencia sobre a Muller e ao Pleno do Consello Interterritorial
- b) A Comisión emitirá un informe anual que será remitido ao Observatorio Estatal da Violencia sobre a Muller e ao Pleno do Consello Interterritorial
- c) A Comisión emitirá un informe bianual que será remitido á Delegación Especial do Goberno contra a Violencia sobre a Muller e ao Pleno do Consello Interterritorial
- d) A Comisión emitirá un informe semestral que será remitido ao Observatorio Estatal da Violencia sobre a Muller e ao Pleno do Consello Interterritorial.

Segunda parte

Primeiro suposto práctico

Na última asemblea xeral da asociación de pais de persoas con discapacidade da comarca do Barbanza celebrada o pasado 8 de febreiro de 2023, acordouse por maioría dos seus socios iniciar os trámites para constituír unha organización privada de carácter social e de natureza fundacional, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afectado de forma duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da futura institución.

Finalizada a Asemblea, o presidente e secretario da asociación reuníronse co departamento xurídico de esta, para determinar os pasos legais a seguir para a válida constitución da nova fundación.

En primeiro lugar, entre os fins propios da entidade estableceron as seguintes funcións:

- Salvagarda, asistencia e benestar social das persoas con discapacidade da Comarca do Barbanza.
- Acollemento das persoas con discapacidade e ás súas familias.
- Realización de valoracións sobre as necesidades de apoio individuais.
- Información e orientación sobre as alternativas existentes no exercicio da capacidade xurídica das persoas con discapacidade.

Posteriormente acordaron adoptar una denominación da fundación, que fixese referencia a algunha actividade que se correspondese cos fins fundacionais desta, de acordo co establecido na normativa reguladora.

Tras un breve descanso, comezaron con moitas dúbidas a redacción dos estatutos da fundación, pois non tiñan claro as modalidades de constitución que poden utilizar e outros aspectos fundamentais relacionados co funcionamento de esta.

Estes directivos eran coñecedores que a dotación, que poderá consistir en bens e dereitos de calquera clase, tería que ser adecuada e suficiente para o cumprimento dos fins fundacionais.

Ante as dificultades económicas existentes entre os socios para reunir a totalidade desta dotación no momento inicial de constitución da futura fundación de interese galego, os representantes acordan realizar a dotación mediante unha achega dineraria en forma sucesiva.

Igualmente, acordan seguir as disposicións vixentes da lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e a súa normativa de desenvolvemento, para posteriormente iniciar os trámites necesarios para a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Consellería da Xunta de Galicia competente na materia.

Constituída a nova fundación de interese galego, acórdase a convocatoria da primeira sesión do padroado e a fixación da orde do día.

Transcorrido o primeiro ano de funcionamento, o órgano competente da fundación aprobou as contas anuais dentro dos seis meses seguintes á data de peche do exercicio, sendo estas asinadas polo presidente. Con todo, os responsables da fundación esquécese de presentar as citadas contas anuais ao protectorado.

Por outra banda, no mesmo ámbito de protección xurídica, patrimonial e social das persoas maiores de idade en situación de desamparo, o próximo ano 2024 está prevista a modificación de estatutos da Fundación Pública Galega para a tutela de persoas adultas

(FUNGA), para adaptar así o seu contido á Lei 8/2021, do 2 de xuño, de reforma da lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica.

91. De acordo coas regras que se establecen para a denominación das fundacións na lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, ¿ das seguintes opcións cal debería ser o nome elixido para a futura fundación?:

- a) Asociación Galega para o benestar social das persoas con discapacidade da Comarca del Barbanza.
- b) Fundación Galega para o benestar social das persoas con discapacidade da Comarca do Barbanza.
- c) Fundación Pública Galega para a tutela de persoas adultas.
- d) Fundación Galega para o lecer e tempo libre das persoas da Comarca do Barbanza.

92. O departamento xurídico da asociación de pais de persoas con discapacidade da comarca do Barbanza, por encargo desta persoa xurídica de índole asociativa, comeza a redacción da escritura pública necesaria para constitución da Fundación de interese galego ¿que deberá de conter necesariamente esta escritura?

- a) A dotación, valoración e forma e realidade da súa achega.
- b) As principais actividades encamiñadas ao cumprimento do devandito fins.
- c) A denominación ou razón social da persoa xurídica que constitúe a Fundación.
- d) O domicilio da fundación e o ámbito territorial en que desenvolverá principalmente as súas actividades.

93. Tendo en conta que a nova fundación de interese galego promovida pola Asociación de pais de persoas con discapacidade da comarca do Barbanza constituirase mediante escritura pública ¿dende que momento terá esta personalidade xurídica?:

- a) Desde o momento da dotación da achega dineraria suficiente para a súa constitución.
- b) Desde o momento da outorgación da escritura pública de constitución.
- c) Desde a inscrición da escritura pública da súa constitución no rexistro de asociacións da comunidade autónoma de Galicia.
- d) Desde a inscrición da escritura pública da súa constitución no rexistro de fundacións de interese galego da comunidade autónoma de Galicia.

94. Posteriormente, de acordo co enunciado do suposto práctico, o presidente e secretario da Asociación, asesorados polo citado departamento xurídico, comezan a redacción dos estatutos da nova fundación promovida pola asociación de pais de persoas con discapacidade da comarca do Barbanza, ¿que terán que incluír necesariamente nestes estatutos?:

- a) A vontade de constituír unha fundación.

- b) As regras básicas para a aplicación dos recursos a fin de cumprir os fins fundacionais e para determinar as persoas beneficiarias.
- c) A dotación, valoración e forma da achega.
- d) Nome, apelidos, idade e estado civil do fundador ou fundadora.

95. Cal sería o importe mínimo necesario da dotación para presumirse esta suficiente?

- a) 30.000 €.
- b) 20.000 €.
- c) 10.000 €.
- d) 5.000 €.

96. Cal sería a porcentaxe e o importe mínimo do desembolso inicial da citada achega dineraria suficiente?:

- a) 25% (7.500 euros)
- b) 25% (5.000 euros)
- c) 20% (4.000 euros)
- d) 20% (6.000 euros)

97. Unha vez realizado o desembolso inicial, ¿que prazo máximo terían os representantes da Asociación para facer efectivo o resto da achega?:

- a) Tres anos, a contar desde o outorgamento da escritura pública de constitución da fundación.
- b) Catro anos, a contar desde o outorgamento da escritura pública de constitución da fundación.
- c) Cinco anos, a contar desde o outorgamento da escritura pública de constitución da fundación.
- d) Seis anos, a contar desde o outorgamento da escritura pública de constitución da fundación

98. ¿Quen deberá aprobar as contas anuais da fundación?:

- a) O padroado.
- b) O protectorado.
- c) A comisión que teña delegadas esas funcións e competencias.
- d) O presidente.

99. No seu segundo ano de funcionamento e de acordo con o enunciado do suposto práctico, ¿poderá a nova fundación constituída percibir subvencións ou axudas públicas da Xunta de Galicia?:

- a) Non, pois non cumpriron coa obrigaón de presentar as contas ao protectorado
- b) Si, pois o órgano competente aprobou as contas anuais
- c) Si, pois o presidente asinou as contas anuais
- d) Non, pois este tipo de fundacións non poden percibir nin subvencións nin axudas públicas da Xunta de Galicia

100. Unha vez constituída a nova Fundación de Interese Galego, ¿cal será o órgano administrativo de asesoramento, apoio técnico e control da nova fundación que velará polo exercicio correcto do dereito de fundación e pola legalidade da súa constitución e funcionamento?:

- a) O padroado.
- b) O protectorado.
- c) A comisión que teña delegadas esas funcións e competencias.
- d) O fundador ou os fundadores.

101. ¿Cal será o órgano de goberno e representación da nova fundación de interese galego, de acordo coa normativa reguladora?:

- a) O padroado.
- b) O protectorado.
- c) A xunta de goberno.
- d) O presidente.

102. Unha vez constituída a nova fundación de interese galego, ¿a quen lle corresponde acordar a convocatoria das sesións do padroado e a fixación do orde do día?:

- a) Ao padroado da fundación.
- b) Ao secretario da fundación.
- c) Ao vogal da fundación de maior idade.
- d) Ao presidente da fundación.

103. ¿A quen lle corresponde a certificación dos acordos do padroado co visto e prace do presidente/a?:

- a) Ao padroado da fundación.
- b) Ao secretario da fundación.
- c) Ao vogal da fundación de maior idade.

d) Ao presidente da fundación.

104. De acordo coa normativa reguladora, ¿cal das seguintes funcións corresponderá ao secretario da nova fundación de interese galego?:

a) Ter a representación da fundación.

b) Presidir as sesións, moderar e dirixir o desenvolvemento dos debates.

c) Conservar a documentación da fundación e reflectir debidamente no libro de actas do padroado o desenvolvemento das reunións.

d) Dirimir co seu voto os empates que puidesen producirse nas votacións.

105. Na primeira reunión do padroado da nova Fundación, ao secretario expónselle a dúbida de cal sería o quórum necesario para a súa válida constitución ¿cal sería o quórum necesario para a súa válida constitución nesta primeira reunión?

a) Entenderase validamente constituída cando concorran a ela, presentes ou representados, na forma legalmente establecida, polo menos, o presidente e o secretario da Fundación, unicamente.

b) Entenderase validamente constituída cando concorran a ela, presentes ou representados, na forma legalmente establecida, polo menos, o presidente, o secretario e, polo menos un cuarto dos seus membros.

c) Entenderase validamente constituída cando concorran a ela, presentes ou representados, na forma legalmente establecida, polo menos, o presidente, o secretario e, polo menos un terzo dos seus membros.

d) Entenderase validamente constituída cando concorran a ela, presentes ou representados, na forma legalmente establecida, polo menos, a metade máis un dos seus membros.

106. Aínda que neste suposto acordouse iniciar os trámites necesarios para a inscrición da nova fundación no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Consellería da Xunta de Galicia competente, ¿en que caso é obrigatoria a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego de acordo con a súa normativa reguladora?:

a) A inscrición é obrigatoria para as fundacións de interese galego constituídas sen fin de lucro e que, por vontade dos seus creadores, teñan afectado de modo duradeiro o seu patrimonio á realización de fins de interese xeral para Galicia e desenvolvan principalmente as súas actividades e teñan o seu domicilio no territorio da comunidade autónoma.

b) A inscrición é potestativa para todas as fundacións.

c) A inscrición é obrigatoria para as fundacións estranxeiras que teñan unha delegación aberta no seu país de orixe.

d) A inscrición é potestativa para as fundacións estranxeiras que teñan unha delegación aberta na nosa comunidade.

107. De que prazo dispoñerán os patróns para instar a inscrición da nova Fundación no Rexistro de Fundacións de Interese Galego antes de que o protectorado dispoña o seu cese?:

- a) Doce meses desde o outorgamento da escritura pública fundacional.
- b) Oito meses desde o outorgamento da escritura pública fundacional.
- c) Sete meses desde o outorgamento da escritura pública fundacional.
- d) Seis meses desde o outorgamento da escritura pública fundacional

108. Cal dos seguintes principios rexistrais establece que os asentos do Rexistro de Fundacións de Interese Galego presúmense exactos e válidos?:

- a) Publicidade formal.
- b) Legalidade.
- c) Lexitimación.
- d) Prioridade

109. A publicación no Diario Oficial de Galicia da inscrición da fundación que conlevará a súa declaración de interese galego realizarase a través de:

- a) Resolución da secretaría xeral do departamento correspondente.
- b) Orde do Conselleiro/a correspondente.
- c) Decreto do Consello da Xunta.
- d) Orde do Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

110. ¿En que libro ou ficheiro do Rexistro de Fundacións de Interese Galego anotarase as denominacións das fundacións de interese galego constituídas e as reservas de denominacións en vigor?:

- a) No libro de legalizacións.
- b) No libro de inscricións.
- c) No libro diario.
- d) No ficheiro de denominacións.

111. No arquivo individualizado de cada fundación que leva o Rexistro de Fundacións de Interese Galego conservanse os expedientes de cada fundación e depositaranse os documentos contables ¿canto tempo deberá o Rexistro conservar as contas anuais e os documentos complementarios depositados?

- a) 2 anos desde a súa recepción.
- b) 6 anos desde a súa recepción.
- c) 10 anos desde a súa recepción.
- d) 20 anos desde a súa recepción.

112. De acordo coa normativa reguladora, son fundacións do sector público autonómico aquelas fundacións en que concorra unha das seguintes circunstancias:

- a) Que o seu patrimonio fundacional, con carácter de permanencia, estea formado en máis dun 10% por bens e dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.
- b) Que o seu patrimonio fundacional, con carácter de permanencia, estea formado en máis dun 20% por bens e dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.
- c) Que o seu patrimonio fundacional, con carácter de permanencia, estea formado en máis dun 30% por bens e dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.
- d) Que o seu patrimonio fundacional, con carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50% por bens e dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.

113. De acordo coa normativa reguladora, na constitución, así como na adquisición do carácter de fundación do sector público autonómico dunha fundación preexistente, ¿que número de membros do seu padroado deberá designar a Administración pública autonómica?:

- a) A designación da maioría dos membros do padroado deberá corresponder á Administración pública autonómica.
- b) A designación de polo menos 1/3 dos membros do padroado deberá corresponder á Administración pública autonómica.
- c) A designación de polo menos 1/5 dos membros do padroado deberá corresponder á Administración pública autonómica.
- d) A designación do presidente e o secretario do padroado deberá corresponder á Administración pública autonómica.

114. De acordo coa normativa reguladora, a modificación de estatutos da Fundación Pública Galega para a tutela de persoas adultas (FUNGA) deberá de ser autorizada por:

- a) Orde da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporte.
- b) Acordo do Consello da Xunta.
- c) Orde da Consellería de Política Social e Xuventude.
- d) Resolución do director – Xerente da Fundación.

115. A quen corresponderá exercer o control da creación das fundacións do sector público da Comunidade Autónoma?:

- a) Á Consellería de Presidencia.
- b) Á Consellería de Política Social e Xuventude.
- c) Ao Parlamento.
- d) Ao Consello da Xunta.

Segundo suposto práctico

O servizo de asesoramento dunha Fundación, que ten como finalidade principal a tutela de persoas con discapacidade, recibe a visita dunha familia que solicita información sobre os eventuais apoios existentes para a súa filla maior de idade no exercicio da capacidade xurídica e na toma de decisións sobre a súa persoa. Tamén acode á entrevista o outro fillo da parella, maior de idade, moi preocupado pola situación da súa irmá.

Segundo os informes que mostran aos profesionais, a súa filla Rosa sofre un trastorno psicótico non especificado con trazos paranoides de personalidade. Segundo consta na resolución que achegan, tras a avaliación da súa situación, a Administración competente recoñeceulle un grao de discapacidade do 75%.

Na entrevista, ademais doutras cuestións de importancia relacionadas coa conduta da súa filla, manifestan que esta non ten conciencia da súa enfermidade, polo que en ocasións non segue o tratamento farmacolóxico pautado polos seus doutores.

Ao non ter coñecemento certo da realidade tampouco o ten sobre a súa economía dado que nun informe forense dise que chegou a realizar gastos innecesarios por un importe de 5.000 euros nun só día e que en ocasións pode chegar a gastar a maior parte da pensión nos primeiros días do mes, confiando nas axudas que recibe da súa familia para poder sobrevivir.

Os técnicos socio-sanitarios e xurídicos do servizo informan a esta familia sobre como poderían actuar e sobre as medidas de apoio previstas na lexislación vixente.

Tras unha valoración minuciosa do caso, os familiares acordan solicitar un apoio xudicial para evitar que esta persoa con discapacidade poida tomar decisións que poñan en risco a súa vida e os seus bens, dado que ela non é consciente da descompensación que presenta.

A persoa afectada mostra a súa conformidade co establecemento das medidas de apoio e acepta que as asuma calquera dos seus proxenitores, aínda que mostra preferencia polo seu pai.

O Xulgado de Primeira Instancia competente, finalizada a práctica das probas pertinentes e realizada a súa valoración, determina na súa sentenza as medidas xudiciais de apoio procedentes.

116. De acordo co establecido no Código Civil, as medidas de apoio que no seu caso adopte o Xulgado de Primeira Instancia deberán estar inspiradas:

- a) No respecto ao principio de proporcionalidade.
- b) No respecto ao principio de xustiza social.
- c) No respecto ao principio de xerarquía normativa.
- d) No respecto á dignidade da persoa e na tutela dos seus dereitos fundamentais.

117. De acordo co establecido no Código Civil, ¿poderán as medidas de apoio que no seu caso adopte o Xulgado de Primeira Instancia incluír funcións representativas?:

- a) En ningún caso as medidas de apoio poderán incluír funcións representativas.
- b) Si, pero soamente en casos excepcionais cando, a pesar de facerse un esforzo considerable, non sexa posible determinar a vontade, desexos e preferencias da persoa.
- c) Si, pero soamente en casos excepcionais cando o soliciten os familiares.
- d) Si, en todo caso.

118. De acordo co establecido no Código Civil, a autoridade xudicial poderá ditar as salvagardas que considere oportunas a fin de asegurar que o exercicio das medidas de apoio sempre que:

- a) Atenda á vontade, desexos e preferencias da persoa que as requira.
- b) Atenda á vontade, desexos e preferencias dos familiares da persoa que as requira.
- c) Atenda á vontade, desexos e preferencias dos titores da persoa que as requira.
- d) Atenda á vontade, desexos e preferencias do xuíz de Primeira Instancia.

119. ¿Cal das seguintes medidas de apoio para o exercicio da capacidade xurídica podería determinar na súa sentenza o xulgado Primeira Instancia competente?:

- a) A garda de feito.
- b) A curatela.
- c) O defensor xudicial
- d) Todas son correctas

120. Supoñendo que non existisen medidas voluntarias ou xudiciais que se estivesen aplicando eficazmente, ¿cal sería unha medida informal de apoio que se podería aplicar a Rosa no caso descrito no suposto?:

- a) A garda de feito.
- b) A tutela.
- c) A curatela.
- d) O defensor xudicial

121. Os técnicos xurídicos do servizo de asesoramento da Fundación informan á familia sobre o contido das medidas de apoio de natureza voluntaria, ¿quen debería establecelas?

- a) O titor.
- b) O xuíz.
- c) O curador.
- d) A persoa con discapacidade.

122. No caso da situación de Rosa, e considerando que necesitase un apoio continuado, ¿que medida formal de apoio debería de acordar o xulgado de Primeira Instancia competente?:

- a) A garda de feito
- b) A tutela.
- c) A curatela.
- d) O defensor xudicial

123. Se, pola contra, Rosa demandase unha necesidade de apoio de forma ocasional, aínda que sexa recorrente, ¿que medida formal de apoio debería de acordar o xulgado de Primeira Instancia competente?:

- a) A garda de feito.
- b) A tutela.
- c) A curatela.
- d) O defensor xudicial

124. Das seguintes persoas relacionadas con Rosa, ¿quen non podería en ningún caso exercer as medidas de apoio?:

- a) A Funga.
- b) Os seus pais.
- c) O seu irmán
- d) Quen en virtude dunha relación contractual, préstelle servizos asistenciais

125. Supoñendo que Rosa, en previsión da concorrencia de circunstancias que puidesen dificultarlle o exercicio da súa capacidade xurídica, quixese acordar medidas de apoio voluntarias relativas á súa persoa ou bens, como tería que proceder:

- a) Tería que ir ao Rexistro Civil.
- b) Tería que establecelas nun documento privado.

- c) Tería que establecelas en escritura pública.
- d) O código civil non prevé este tipo de medidas de apoio

126. A persoa que outorga poder para o suposto de que no futuro precise apoio no exercicio da súa capacidade denomínase:

- a) Apoderado.
- b) Poderdante.
- c) Representante.
- d) Curador

127. ¿Como podería a autoridade xudicial requirir ao gardador para que informe da súa actuación, e establecer, no seu caso, as salvagardas que estime necesarias?:

- a) A través dun exhorto.
- b) A través dun requirimento.
- c) A través dun expediente administrativo.
- d) A través dun expediente de xurisdición voluntaria

128. ¿Cando NON se extinguiría a garda de feito?:

- a) Cando a persoa a quen se preste apoio solicite que este se organice doutro xeito.
- b) Cando desaparezan as causas que a motivaron.
- c) Cando o Ministerio Fiscal desista da súa actuación.
- d) Cando a autoridade xudicial considéreo conveniente

129. ¿En que prazo se deberían revisar as medidas xudiciais de apoio que se establezan na sentenza?:

- a) Como regra xeral, serán revisadas periodicamente nun prazo máximo de tres anos.
- b) Como regra xeral, serán revisadas periodicamente nun prazo máximo dun ano.
- c) Como regra xeral, serán revisadas periodicamente nun prazo máximo de seis meses.
- d) Como regra xeral, as medidas xudiciais de apoio non poderán ser revisadas.

130. ¿Cando ou en que supostos constituirá a autoridade xudicial a curatela?:

- a) Cando o estimen oportuno os seus familiares.
- b) Cando o estime oportuno o Ministerio Fiscal.
- c) Cando non exista outra medida de apoio suficiente para a persoa con discapacidade.
- d) A curatela non está prevista no Código Civil.

131. ¿Como se denomina o nomeamento en escritura pública dunha ou varias persoas determinadas para o exercicio da función de curador?:

- a) A garda de feito.
- b) A tutela.
- c) A autocratela.
- d) O defensor xudicial

132. De acordo coa normativa aplicable, en ningún caso poderán ser curadores:

- a) As fundacións, entre cuxos fins figure a promoción da autonomía e asistencia ás persoas con discapacidade
- b) As persoas xurídicas privadas sen ánimo de lucro, entre cuxos fins figure a promoción da autonomía e asistencia ás persoas con discapacidade.
- c) As persoas xurídicas públicas sen ánimo de lucro, entre cuxos fins figure a promoción da autonomía e asistencia ás persoas con discapacidade.
- d) Quen por resolución xudicial estivesen suspendidos no exercicio da patria potestade

133. De acordo coa normativa aplicable ¿a quen non podería nomear curador a autoridade xudicial?:

- a) A irmán de Rosa.
- b) A quen teña conflito de intereses con Rosa.
- c) Ao pai de Rosa
- d) A quen estivese actuando como gardador de feito de Rosa

134. De acordo coa normativa aplicable e neste suposto concreto ¿a quen podería nomear curador a autoridade xudicial?:

- a) A quen fose condenado por calquera delito que faga supoñer fundadamente que non desempeñará ben a curatela.
- b) A quen teña conflito de intereses con Rosa.
- c) Á persoa proposta por Rosa para o seu nomeamento
- d) A quen lle sexa imputable a declaración como culpable dun concurso

135. Despois do seu nomeamento, ¿quen serán removidos da curatela?:

- a) Os que estivesen a actuar como gardadores de feito.
- b) Os curadores que teñan problemas de convivencia cos pais de Rosa.
- c) Os que se conduzan mal no seu desempeño por incumprimento dos deberes propios do cargo
- d) Os que se lles impute a declaración como culpable dun concurso

136. A persoa designada como curador desexa saber se ten dereito a unha retribución polo exercicio das súas funcións e en caso afirmativo, a quen lle correspondería fixar o seu importe:

- a) Si, ten dereito a unha retribución e corresponde aos pais de Rosa fixar o seu importe.
- b) Si, ten dereito a unha retribución e corresponde á autoridade xudicial fixar o seu importe.
- c) Si, ten dereito a unha retribución e corresponde ao avogado de Rosa fixar o seu importe.
- d) Non, o curador non pode percibir retribución algunha polo exercicio das súas funcións.

137. De acordo coa normativa aplicable, ¿que prazo tería a persoa designada como curador con facultades representativas para facer o inventario do patrimonio de Rosa?

- a) Ten que facelo dentro do prazo de sesenta días, a contar desde aquel en que tomase posesión do seu cargo.
- b) Ten que facelo dentro do prazo de trinta días, a contar desde aquel en que tomase posesión do seu cargo.
- c) Ten que facelo dentro do prazo de 48 horas, a contar desde aquel en que tomase posesión do seu cargo.
- d) O curador non ten obrigaón de facer inventario do patrimonio de Rosa.

138. O curador que exerza funcións de representación de Rosa, NON necesitará autorización xudicial para:

- a) Vender un piso que ten Rosa en Valdoviño.
- b) Dispoñer a título gratuito dun ben de especial significado persoal para Rosa.
- c) Alugar o piso que ten Rosa en Valdoviño durante 8 anos.
- d) Dispoñer a partición de herdanza que reciba Rosa dos seus pais.

139. Tras un primeiro expediente de xurisdición voluntaria que por distintos motivos non puido resolverse, Rosa e a súa familia cambian de residencia e vanse a vivir a outra localidade da provincia de Ourense. Neste caso concreto, ¿cal sería a autoridade xudicial competente para coñecer das demandas sobre a adopción de medidas de apoio que posteriormente se puidesen presentar?

- a) O xuíz de primeira instancia que coñeceu do previo expediente de xurisdición voluntaria.
- b) O xuíz de primeira instancia do lugar no que agora resida.
- c) O xuíz de primeira instancia do lugar no que antes residía.
- d) O xuíz do Social do lugar no que agora resida.

140 ¿Quen non estaría lexitimado para promover un novo proceso xudicial para a adopción de medidas de apoio para Rosa?

- a) A propia Rosa.

- b) O irmán de Rosa.
- c) O xuíz do Social do lugar no que agora resida.
- d) O Ministerio Fiscal en determinados supostos

Preguntas de reserva do exame Test

141. De acordo co artigo 37 da Lei Orgánica, 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) Enténdese que poderán ser desenvoltas tendo en conta o interese xeral.
- b) Enténdense referidas ó seu territorio.
- c) As repostas a) e b) son correctas.
- d) Todas as repostas son incorrectas.

142. De acordo co artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o recurso extraordinario de revisión poderase interpor:

- a) No prazo de 4 anos seguintes en todo caso.
- b) No prazo de 4 anos a contar desde o coñecemento dos documentos ou desde que a sentenza xudicial se fixo firme.
- c) No prazo de 3 meses desde que se notificou a resolución impugnada.
- d) Ningunha das repostas es correcta.

143. De acordo co artigo 176 Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a excedencia por coidado de familiares:

- a) Terá unha duración non superior a tres anos, sen que sexa exixible o requisito de ter prestado un tempo mínimo de servizos previos.
- b) Terá unha duración non superior a un ano, excepto no caso de coidado dun familiar.
- c) Desta excedencia non se pode facer uso de forma fraccionada.
- d) Terá unha duración non superior a tres anos, debendo ter prestado un tempo mínimo dun ano de servizos previos.

144. De acordo co artigo 176 Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario que se atope na situación de excedencia por coidado de familiares:

- a) Non pode participar nos concursos de traslados que convoque a Administración.
- b) Pode participar nos cursos de formación que convoque a Administración.
- c) O reingreso ao servizo activo solicitarase cun prazo de antelación de tres meses respecto da data de finalización do período máximo legalmente establecido para esta excedencia.
- d) O tempo de permanencia na situación regulada neste artigo non se computa para os efectos de trienios, carreira e nin de dereitos no réxime da Seguridade Social que sexa aplicable.

145. De acordo co artigo 177 Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a excedencia por razón de violencia de xénero ou de violencia sexual:

- a) Non ten dereita á reserva de posto, pero é computable a efectos de antigüidade.
- b) Non ten dereito á reserva do posto, pero é computable para os efectos de antigüidade, carreira e dereitos no réxime da Seguridade Social que resulte aplicable.
- c) Ten dereito á reserva do posto, durante os 12 primeiros meses de permanencia, sendo computable dito período para os efectos de antigüidade, carreira e dereitos no réxime da Seguridade Social que resulte de aplicación.
- d) Ten reserva do posto, durante os seis primeiros meses de permanencia nesta situación, sendo computable para os efectos de antigüidade, carreira e dereitos no réxime da Seguridade Social que resulte aplicable.

Preguntas de reserva dos supostos prácticos

146. A quen corresponderá a función de legalizar os libros que deben levar as fundacións de Interese Gallego?:

- a) Ao padroado.
- b) Ao protectorado.
- c) Á comisión que teña delegadas esas funcións e competencias.
- d) Ao Rexistro de Fundacións de Interese Gallego.

147. ¿En que libro do Rexistro de Fundacións de Interese Gallego se rexistrarán todos os documentos que se presenten en relación coas fundacións, así como as comunicacións que se efectúen con relación a estas?:

- a) No libro de legalizacións.
- b) No libro de inscricións.
- c) No libro diario.
- d) No libro de depósito de contas e plans de actuacións.

148. O principio rexistral que implica que os actos rexistrados no Rexistro se presumen coñecidos por todos e o protectorado consideraraos para fundamentar as súas decisións denomínase:

- a) Publicidade formal.
- b) Publicidade material.
- c) Legalidade.
- d) Eficacia

149. De acordo co disposto na norma que reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica ¿cal das seguintes probas NON sería preceptiva no proceso sobre adopción de medidas de apoio para Rosa?

- a) A entrevista a Rosa.
- b) A audiencia ao irmán Rosa.
- c) Un ditame pericial necesario en relación coas pretensións da demanda.
- d) A entrevista ao ex marido de Rosa.

150. Finalmente, os pais de Rosa preguntan aos profesionais do servizo de información si sería posible o internamento non voluntario de Rosa motivado polo trastorno psíquico que sofre ¿cal é a resposta correcta?

- a) En ningún caso sería posible o internamento non voluntario de Rosa.
- b) Sería posible o internamento non voluntario de Rosa sempre que o autoricen os pais.

c) Sería posible o internamento non voluntario de Rosa se existise en todo caso previa autorización xudicial.

d) Sería posible o internamento non voluntario de Rosa se existe previa autorización xudicial, salvo que razóns de urxencia fixesen necesaria a inmediata adopción da medida.

151 ¿En que Rexistro deberán constar as medidas de apoio voluntarias relativas á persoa ou bens de Rosa?:

a) No Rexistro Civil.

b) No Rexistro Mercantil.

c) No Rexistro da propiedade.

d) O código civil non prevé este tipo de medidas de apoio